

Código do documento	Código do expediente
<b>USG12I00T4</b>	<b>USG/2018/149</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4I03 5330 0E6I 276V 0NU0	

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 12 DE SETEMBRO DE 2018.**

**PRESIDENTE:**

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

**ASISTENTES:**

D. Diego Antonio Taibo Monelos  
D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril  
D.ª Mª del Carmen Varela Corbelle  
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle  
D.ª Marta Mª Iglesias Becerra  
D. Miguel Suárez García  
D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes

**SECRETARIA XERAL:**

D.ª Pilar Mª Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e vinte e cinco minutos do día doce de setembro do ano dous mil dezaoto, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril, D.ª Mª del Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta Mª Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D.ª Pilar Mª Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 3 DE SETEMBRO DE 2018.**

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día tres de setembro de dous mil dezaoto, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por sete votos a favor (dos/as Sres./as concelleiros/as, Taibo Monelos, Pombo Carril, Varela Corbelle, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García e Figueroa Fuentes) e coa abstención do Sr. alcalde, Rioboo Castro, o cal manifesta que se abstén por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 3 de setembro de 2018.

**2.- DACIÓNS DE CONTA.**

**2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.**

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

**Publicacións:**

- Resolución do 28 de agosto de 2018, da Consellería de Política Social -Xefatura Territorial da Coruña-, pola que se publican os requirimentos de emenda de documentación das solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 27 de xuño de 2018 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para investimento na mellora das infraestruturas e equipamento das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais e se convocan para o ano 2018 (cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020) (procedemento BS403E). DOG núm. 170 do 06-09-2018.
- Orde do 29 de agosto de 2018, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se modifica a Orde do 4 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases

Código do documento	Código do expediente
<b>USG12I00T4</b>	<b>USG/2018/149</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>4I03 5330 0E6I 276V 0NU0</b>	

reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2018, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (Diario Oficial de Galicia número 5, do 8 de xaneiro). DOG núm. 172 do 10-09-2018.

- Resolución do 30 de agosto de 2018, da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, sobre ampliación dos prazos establecidos no artigo 22 da Resolución do 26 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria anticipada de subvencións para proxectos de enerxías renovables para o ano 2018, cofinanciadas co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (Diario Oficial de Galicia número 21, do 30 de xaneiro de 2018). DOG núm. 173 do 11-09-2018.
- Resolución do 30 de agosto de 2018, da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, sobre ampliación dos prazos establecidos no artigo 24 da Resolución do 30 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de redes de distribución de enerxía térmica con equipamentos de xeración con biomasa para os anos 2017-2018, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (Diario Oficial de Galicia número 74, do 18 de abril de 2017). DOG núm. 173 do 11-09-2018.
- Orde do 28 de agosto de 2018, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública dos premios Cooper Galicia 2018 para impulsar e difundir as iniciativas de asociacionismo municipal, mediante a distinción pública de proxectos de xestión compartida de servizos promovidos por agrupación de concellos, mancomunidades, consorcios locais e áreas metropolitanas da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 174 do 12-09-2018.
- Anuncio do 7 de xullo de 2018, da Deputación Provincial da Coruña -Servizo de Asistencia Técnica a Municipios-, de aprobación dos procedementos para a tramitación electrónica das actuacións de Asistencia Técnica a Municipios na plataforma SUBTEL. BOP núm. 171 do 07-09-2018.
- Anuncio do 16 de agosto de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á delegación da competencia na concelleira D.<sup>a</sup> Marta María Figueroa Fuentes, para a celebración do matrimonio civil entre S.M.B. e A.P.C. o día 18-08-2018 ás 19.00 horas e entre I.C.F. e D.C.C o día 31-08-2018 ás 19.30 horas. BOP núm. 171 do 07-09-2018.
- Anuncio do 16 de agosto de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á delegación da competencia na concelleira D.<sup>a</sup> Marta María Iglesias Becerra, para a celebración do matrimonio civil entre E.M.C.F. e W.G.M. o día 17-08-2018 ás 12.00 horas. BOP núm. 171 do 07-09-2018.
- Anuncio do 16 de agosto de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á delegación da competencia na concelleira D.<sup>a</sup> María Alicia Ferreiro Varela, para a celebración do matrimonio civil entre I.M.A. e R.M.V. o día 01-09-2018 ás 18.30 horas. BOP núm. 171 do 07-09-2018.
- Anuncio do 16 de agosto de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á delegación da competencia na concelleira D.<sup>a</sup> María del Carmen Varela Corbelle, para a celebración do matrimonio civil entre P.B.F. e A.G.S. o día 01-09-2018 ás 13.00 horas. BOP núm. 171 do 07-09-2018.
- Anuncio do 16 de agosto de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á delegación da competencia na concelleira D.<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril, para a celebración do matrimonio civil entre A.C.X. e J.N.R. o día 18-08-2018 ás 12.30 horas. BOP núm. 171 do 07-09-2018.
- Anuncio do 16 de agosto de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á delegación da competencia na concelleira D.<sup>a</sup> Penélope López Díaz, para a celebración do matrimonio civil entre G.G.F. e E.B.S. o día 18-08-2018 ás 10.30 horas. BOP núm. 171 do 07-09-2018.
- Anuncio do 24 de agosto de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á delegación da competencia na concelleira D.<sup>a</sup> Marta María Figueroa Fuentes, para a celebración do matrimonio civil entre E.G.H. e A.L.P.I. o día 25-08-2018 ás 13.00 horas. BOP núm. 171 do 07-09-2018.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
<b>USG12I00T4</b>	<b>USG/2018/149</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4I03 5330 0E6I 276V 0NU0	

- Anuncio do 21 de agosto de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á asunción das funcións da alcaldía polo primeiro tenente de alcalde, D. Diego Antonio Taibo Monelos, desde o día 20-08-2018 ata o día 03-09-2018, ambos os dous incluídos. BOP núm. 171 do 07-09-2018.
- Anuncio do 30 de agosto de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á asunción das funcións da alcaldía pola Sra. alcaldesa en funcións, María Guadalupe Pombo Carril, desde a data de sinatura da resolución, día 28-08-2018, ata a reincorporación do Sr. Taibo Monelos ou ata o día 03-09-2018. BOP núm. 171 do 07-09-2018.

## **2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.**

2.2.1.- O Sr. Alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións do Servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras:

- Resolución núm. 1277 de data do 08/08/2018, pola que se aproba o plan de seguridade e saúde para a obra de "Renovación y ampliación del parque infantil Fernando II".
- Resolución núm. 1340 de data do 23/08/2018, pola que se dá de baixa a licenza municipal de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras para a terraza do establecemento situado na R/. Alcalde Electo Carballo, núm. 34.
- Resolución núm. 1366 de data do 29/08/2018, pola que se incoa o expediente sancionador á SERGEHOS, SL, por carecer do cartel informativo de prohibición de venda/subministro de alcol a menores de idade, o establecemento situado na R/. Alcalde E. Carballo, núm. 34 B.
- Resolución núm. 1367 de data do 29/08/2018, pola que se require a F. V. A. para que nun prazo dun mes retire o vehículo da súa propiedade, abandonado na R/. Jorge Guillén, á altura do núm. 3.
- Resolución núm. 1385 de data do 31/08/2018, pola que se require á sociedade MAROSA 2000 CONSTRUCCIONES Y REFORMAS, SLU, que nun prazo dun mes retire o vehículo da súa propiedade, abandonado no cruce das rúas Fernando Pérez de Traba e Gumersindo P. Nouche.
- Resolución núm. 1386 de data do 31/08/2018, pola que se rexistra o animal potencialmente perigoso de especie canina e raza Bull Terrier, que ten o número de microchip 941000014994123.
- Resolución núm. 1387 de data do 31/08/2018, pola que se rexistra o animal potencialmente perigoso de especie canina e raza Mestizo Pitbull, que ten o número de microchip 941000022729669.

2.2.2.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

### **"ACTIVIDADES CULTURAIS**

#### **VENRES 14 DE SETEMBRO**

Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.30 h:

Teatro do Atlántico: *O ferro*.

Público adulto. Recollida de invitacións dende unha hora antes da función.

#### **VENRES 14 DE SETEMBRO**

**Explanada do Paseo Marítimo do Burgo.**

*Festival Folc n Cross, de Catalmibre Tradicional.*

Foliada a partir das 20.00 h.

**21.30:** Festival folk, coa actuación de "Alén do Mar"

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
<b>USG12I00T4</b>	<b>USG/2018/149</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4I03 5330 0E6I 276V 0NU0	

### **SÁBADO 15 DE SETEMBRO**

#### **Explanada do Paseo Marítimo do Burgo.**

*Festival Folc n Cross, de Catalmibre Tradicional.*

**12.30 h:** Festival Romería, coa actuación de "Terra de Sena" (Cee), "Garrulaxe" (Cecebre) e "Alfaia" (A Coruña).

**18.00 h:** Actuación de "Bico da balouta" (Agolada), "Xeitura" (Muros) e "Catalmibre Tradicional" (Culleredo)."

### **2.3.- RECURSO DE APELACIÓN 4475/2017 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO SEC. 2.**

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da dilixencia de ordenación de data 31 de xullo de 2018 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Contencioso Administrativo Sec. 2 A Coruña que acorda declarar a firmeza do Decreto do 4 de xuño de 2018 (polo que se declara deserto o recurso de apelación 4475/2017 interposto por CONSTRUCCIONES JOSE CARRO SA) e o arquivo do procedemento unha vez sexa firme a dilixencia de ordenación.

### **3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.**

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

### **4.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e trinta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe  
O alcalde  
(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H